

### CÉSAR VARELA

Reproducimos aquí o que o dicionario de Joaquim de Santa Rosa de Viterbo anota ao referirse a un feito que debía ser común naqueles tempos, (fala do ano 1798):

“Descangarlle a casa” era “tirarlhe a canga ou artificio de paus atravesados, que seguraba o colmo con que ela se cobría”. E continúa: “Aínda hoxe, e principalmente na provincia do Minho, se conservan algúns vestixios do antigo costume de serem as casas, aínda honradas e distintas, cobertas de colmo ou giestas, e nao de telha, pois no Tombo do Aro de Lamego de 1346, se acha que algúns lugares de Mageja eram obrigados a uns tantos feixes de xestas negrais para se cobrirem as casas, que el rei tinha no castelo daquela cidade. Sobre o colmo ou giesta punham uma certa jangada de paus atravesados, para que os ventos as nao deixassem expostas á incleméncia dos temporais. Era, pois, cangar a casa, porlhe este reparo; descangala, tirarlho; e canga, o tal artificio que sobre ela se punha”.

“Que lhes filhava as veergas das cousas, e que lhes mandava segar os payes, e que lhes descangava a casa das cangas, que sobre elas jagiam; e que nom podía homem guarecer no herdamento” (Documento da Pendorada de 1308).

Á vista de tal documento non temos máis remedio que pensar que o nome da nosa vila débese a que en antigos tempos, as casas deberían ser cubertas ou colmadas de palla, sendo eses trebellos de paus que amarraban a palla para esta non voar, como aínda se fai nas pallozas dos Ancares, chamados de Cangas, e o tal chamadeiro acabaría designando á casa ou cabana na súa totalidade, do mesmo xeito que o nome de “pallozas”, que é unha característica

da súa especial cobertura, pasou a designar a vivenda en xeral.

Aínda hoxe, esta palabra está viva polas luguesas terras dos Ancares, onde designan co nome de “cangos” ou “cangas” a un aparello semellante ao que describe o documento medieval anterior, e que se usaba xustamente para amarrar a coberta vexetal da casa de palla, xestas ou ramos.

En definitiva o nome de *Cangas* sería pois unha antiga maneira de chamar a un conglomerado de casas ou cabanas colmadas de palla que deberon ser a modesta orixe da nosa morracense vila.



Este aparello de suxeición en forma curva, a Canga, procedería pois, dunha antiga palabra, *cámbicas*, que chegaría sen problemas maiores ao noso actual *Cangas*. Isto explicaría o nome das vilas asturianas do mesmo nome, Cangas de Narcea e de Onís, ao mesmo tempo que valería tamén para as Cangas galegas; as luguesas Cangas de Foz ou Cangas de Pantón; as ourensás, Cangues do Irixe ou Cangos no mesmo Ourense; na parte da Coruña as Cangas de Cesuras e de Bergondo ou o lugar de Cangas na zona de Lalín.

Á vista, deste inzo de lugares co nome de Cangas ciscados polo interior da nosa terra, deixaríamos, pois, desbotada a opinión que supón que o nome se debería ás *cambas* ou curvas que o mar debuxaría no viciño litoral, pois

precisaríamos unha teoría que explique a un tempo o nome das demais Cangas que nada teñen a ver co mar.

Tamén rexeitaríamos a que relaciona o nome da vila coas canas ou abundancia de canavais, pois ademais de ser un pouco atípica a palabra para designar tal masa vexetal, xa que esperaríamos mais ben un sufixo especializado tal como en: Canabal, Canido, Caneiro ou Canosa, non acabaría de casar axeitadamente coa documentada palabra de *Cámbicas*, que é como aparece nos vellos apeos.

O mesmo significado aínda ostenta o nome dun bairro de Darbo, ben próximo a Cangas, A Choupana, dando o sentido de casa dunha porta só coberta de ramos ou palla, segundo aparece definida nos dicionarios galegos.

En definitiva, tanto Cangas como Choupanas tería o mesmo significado que Cabanas referíndose ao conxunto de modestas vivendas de familias que facían do mar o seu sustento e que deron orixe a un pequeno burgo mariñeiro de onde agromou o que chegou a ser a actual Cangas do Morrazo.

Casas, estas de palla, que, na nosa terra, fóra da zona dos Ancares, onde aínda se conservan como habitación humana, foron desaparecendo, a pesar de que seica unha casa colmada de palla é moi temperada, ou sexa conserva a calor no inverno e é fresca de verán; así o deberon de entender outras culturas como a dos escoceses e ingleses que aínda hoxe nas residencias de xente ben abastada utilizan a ancestral cobertura de palla.

En consecuencia, con todo o explicado aquí, seica non sería boa idea, manter unha casa das máis antigas, refírome a unha desas características casas de patín debidamente colmada de palla en lembranza da orixe mariñeira da poboación de Cangas do Morrazo?

(Artigo publicado en “A Nosa Terra”, 22 de Xuño de 1995)